



Comezo do curso

Estimados pais,

Benvidos a *Quick Minds!*

Quick Minds é un curso de inglés de seis niveis para os seis anos de Primaria. Da continuidade ao inglés aprendido en Educación Infantil e desenvólvese seguindo o currículo do ensino da lingua inglesa nos colexios españois de Primaria.

Este ano o voso fillo aprenderá inglés con *Quick Minds 3*. *Quick Minds 3* comeza nun castelo onde os nenos coñecen aos *The Explorers*, ('Los Exploradores'), Ben e Lucy, e Buster, o can de Ben. Uniranse a eles na súa emocionante procura do tesouro seguindo as pistas e tratando de ir sempre un paso por diante dos malos, Horax e Zoda.

Ao mesmo tempo que gozan coas **historias** *The Explorers*, os nenos familiarizaranse con distintos temas e aprenderán **gramática** e **vocabulario** útiles, e unha chea de cancións **divertidas**.

Invitámosvos a participar da experiencia do voso fillo na aprendizaxe do inglés en casa. Podedes facelo coas actividades interactivas online de *Quick Minds*, ás que accederedes en www.quickmindsapps.es. Trátase de divertidos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** aos que podedes xogar en familia. As **cancións** e as **historias** tamén están dispoñibles online. Poderedes cantar as cancións, ver e escoitar as historias en calquera momento que queirades.

Esperamos que o pasedes ben con *Quick Minds* tanto como o fará o voso fillo!





Unidade Welcome Meet the Explorers

Estimados pais,

Nesta Unidade benvida ao curso (*Welcome unit*), *Meet The Explorers*, o voso fillo aprenderá o vocabulario relacionado coas **partes dun castelo** e repasará os **números do 1 ao 20**. Tamén repasará o vocabulario de animais e material escolar e falará do que ten e do que pode facer e o que non.

Pedídlle ao voso fillo que vos fale de Ben e Lucy, *The Explorers*. Podedes escoitar a **canción** *The Explorers* e cantar a versión **karaoke**. Tamén podedes ver e escoitar a **historia animada**, *The old book*. Preguntádlle ao voso fillo quen son Horax e Zoda, e que están a buscar.

Ademais animámosvos a xogar co voso fillo aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para esta unidade.

Esperamos que o pasedes ben!





Unidade **1** My week

Estimados pais,

Na Unidade 1, *My week*, o voso fillo aprenderá os **días da semana** e repasará **actividades de lecer**. Falará do que fai entre semana e o fin de semana. Poderá repasar de xeito divertido o que aprendeu e xogar aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *It's a busy week*, ou cantade xuntos a versión **karaoke** para pasalo ben!

Preguntádelle ao voso fillo pola seguinte aventura de Ben e Lucy: Onde van pedir axuda? Que atopan no vello libro? Cal é a mensaxe do libro? Non esquezades ver xuntos a **historia animada online**!

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre distintos **instrumentos musicais** e fará unhas maracas. Pedídelle que volas ensine, poñede música e tocade o ritmo xuntos.

Esperamos que o pasedes moi ben!



Unidade **2** Birthdays

Estimados pais,

Na Unidade 2, *Birthdays*, o voso fillo aprenderá os **meses do ano** e **adxectivos para describir a persoas e cousas**. Tamén preguntará aos seus compañeiros cando son os seus aniversarios e dirán cando é o seu. Non esquezades xogar aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online desta unidade.

Preguntádelle ao voso fillo cal é o seu mes favorito e falade dos meses favoritos da familia e os aniversarios. Cantade a **canción** do aniversario de Sally e bailade ao ritmo da súa divertida melodía! Animade ao voso fillo a ler a estrofa nova que escribiu para a canción. Podedes escribir outra estrofa xuntos.

Podedes ver xuntos a **historia animada**, *Tidying up*, e preguntádelle ao voso fillo que letra atopan Ben e Lucy. Tamén podedes predicir o que pasará despois ...

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará que os seus xoguetes están facendo unha festa no seu cuarto. Logo fará un debuxo. Pedídelle que volo ensine e describa en inglés.

Esperamos que gocedes desta unidade!





Unidade **3** Our day

Estimados pais,

Na Unidade 3, *Our day*, o voso fillo aprenderá o vocabulario relacionado coas **rutinas diarias** e tamén a **dicir a hora**. Falará das súas rutinas diarias e preguntará aos seus compañeiros polas súas. Un xeito xenial de repasar o vocabulario e a gramática sería xogando aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online como parte da rutina diaria do voso fillo.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *Mr Blue*, e gozade cantando xuntos a versión **karaoke**! Preguntádelle pola estrofa que escribiu e escribide outra xuntos.

Ben e Lucy fóronse xuntos a outra aventura na **historia** *The golden apple*. Vede xuntos a **historia animada** online e preguntádelle que palabras sabe en inglés que comecen pola letra que atoparon Ben e Lucy.

Para rematar, o voso fillo aprenderá algúns consellos para levar unha **vida saudable**. Preguntádelle que cree que é importante para levar unha vida saudable. Tamén lle podedes preguntar polo gráfico de barras que fixo en clase.

Esperamos que o pasedes moi ben con esta unidade!





Unidade **4** The haunted house

Estimados pais,

Na Unidade 4, *The haunted house*, o voso fillo aprenderá o vocabulario das **partes da casa** e tamén a falar e preguntar sobre **onde están as cousas e as persoas** e preguntalo. Non esquezades practicar cos **xogos interactivos online de vocabulario e gramática** online para esta unidade!

Preguntádelle ao voso fillo cal é o seu cuarto preferido na casa. Cantade a **canción** dos animais na casa. Cantade xuntos a versión **karaoke** e bailade!

Preguntádelle ao voso fillo onde atoparon a letra Ben e Lucy na **historia** desta unidade, *Up high*. Podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Finalmente, para a lección de **Creatividade** nesta unidade, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinarase unha casa encantada. Despois debuxaraa. Pedídelle que vos mostre o seu debuxo e vos fale da súa casa encantada en inglés.

Esperamos que o pasedes moi ben!



Unidade **5** By the sea

Estimados pais,

Na Unidade 5, *By the sea*, o voso fillo aprenderá algúns **verbos de acción**. Preguntará e falará do que está pasando agora: o que fan os seus amigos e o que fan as persoas dos debuxos. Podedes repasar xuntos este linguaxe cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle a o voso fillo que vos cante a **canción** de *Molly, Fred and Ben*. Compoñede xuntos estrofas e cantádeas coa versión **karaoke**.

Preguntádlle ao voso fillo pola seguinte aventura de Ben e Lucy: Onde están a buscar a letra? Que animal teñen Horax e Zoda nunha gaiola? Quén axuda a Ben a liberar o seu brazo? Non esquezades ver a **historia animada** online, *The trap!*

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre **patróns e simetría** e fará un peixe simétrico. Pedídlle que volo ensine. Tamén podedes facer máis obxectos simétricos na casa para decorar o seu cuarto o facer un póster.

Que o pasedes ben!





Unidade **6** The market

Estimados pais,

Na Unidade 6, *The market*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **alimentos** e como **ofrecer** cousas a outras persoas. Falará co seus compañeiros dos alimentos que gustaríalle comer e os que non. Para que practique máis na casa, xogade xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Animade ao voso fillo a cantar a canción, *Would you like some fruit?*
Preguntádelle cal é a súa froita favorita e falade das froitas favoritas da familia.

Preguntádelle ao voso fillo que lles pasa a Ben e a Lucy esta semana: Onde buscan a letra? Collen todos na cova? Como foxe Ben de Horax e Zoda? Non esquezades ver xuntos a **historia animada!**

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará a súa ensalada de froitas favorita. Logo fará un debuxo. Pedídelle que volo ensine e dígavos que froitas leva.

Esperamos que goceades desta unidade!





Unidade **7** Around town

Estimados pais,

Na Unidade 7, *Around town*, o voso fillo aprenderá vocabulario dos **lugares dunha cidade** e tamén a preguntar e dicir **o que fai na súa cidade/poboación**. Imaxinarase unha cidade/poboación e preguntará aos seus amigos o que teñen as súas. Non esquezades practicar cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online en casa.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *Our town*, ou cantade xuntos a versión **karaoke** e bailade!

Podedes ver xuntos a **historia animada**, *The final letters*. Falade sobre algunhas culturas do mundo.

Para rematar, o voso fillo aprenderá cousas sobre as **ciudades e o arte** e fará un *collage* da súa poboación. Pedídlle que volo ensine e dígavos os lugares da súa cidade o poboación que máis lle gustan.

Esperamos que vos divertirades!





Unidade **8** Holiday plans

Estimados pais,

Na Unidade 8, *Holiday plans*, o voso fillo aprenderá o vocabulario das **actividades de vacacións**. Tamén aprenderá como **pedir as cousas axeitadamente**, como **suxerir e facer plans para as vacacións**. Pode empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar este linguaxe na casa.

Preguntádelle ao voso fillo que lle gustaría facer nas vacacións. Animádeo/a a cantar a **canción**, *It's time for a holiday*. Non esquezades poñer a versión **karaoke**!

Nesta derradeira unidade, Ben e Lucy chegaron ao final da súa aventura. Preguntádelle ao voso fillo cal é a contrasinal secreta para abrir o cuarto do tesouro. Cal pensan Horax e Zoda que é a contrasinal? Que atopan Ben e Lucy no cuarto? Onde queren levar a estatua Ben e Lucy? Podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará unhas vacacións divertidas. Logo debuxaraas. Pedídlle que vos mostre o seu debuxo. Preguntádelle onde está de vacacións no debuxo, con quen está e que fai cada un.

Esperamos que o pasedes ben!





Fin de curso

Estimados pais,

Esperamos que este ano gozásedes do inglés con *Quick Minds 3* na casa xunto ao voso fillo. Esperamos que vos divertísedes facendo os **xogos interactivos** online, falando das **historias** e escoitando e cantando as **cancións**.

Recordade que sempre podedes volver xogar aos xogos interactivos online que máis vos gustaron, podedes ver de novo as historias animadas e cantar outra vez as vosas cancións favoritas.

Para rematar, aos *Explorers*, Ben e Lucy, e a seu can, Buster, gustaríalles despedirse de vós e desexarvos: Felices vacacións este verán!

